

RESOLUCIÓN DO 8 DE MAIO DE 2024 POLA QUE SE PUBLICA A OFERTA DE CURSOS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O ANO 2024 NO CAMPUS DE OURENSE

Por R.R. do 30 de abril de 2024 publícase a relación definitiva de axudas concedidas para organizar cursos de extensión universitaria da Universidade de Vigo para o ano 2024, no Campus de Ourense.

Dacordo coas bases quinta e sétima da convocatoria de axudas (R. R. 13 de marzo de 2024), e en virtude das facultades outorgadas pola Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, esta reitoría **RESOLVE**:

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a publicación da oferta de cursos de extensión universitaria do ano 2024 para o Campus de Ourense (Anexo). O período de matrícula comeza o 9 de maio de 2024.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O reitor

Por delegación R.R. 22/6/2022 D.O.G. do 6 de xullo)

A vicerreitora do Campus de Ourense-Campus Auga

(asinado electrónicamente)



Anexo- Oferta de cursos de extensión universitaria do ano 2024 no Campus de Ourense

Código	Nome do curso	Duración (horas)	Créditos ECTS	Prezo	Número prazas	Lugar celebración	Datas de celebración	Datas de matrícula
2024550	Ourense no tempo: historia, arte e tradición (II)	31	1,07	10 €	25	Sala Emilia Pardo Bazán. Edificio Facultades	11 a 14 de xuño	Do 9 de maio ás 00:00 horas ao 28 de maio ás 23:59 horas
2024551	Biodiversidade ambiental, retos e perspectivas	30	1	10 €	25	Albergue de "O Corgo" en Muíños	12 a 14 de xuño	Do 9 de maio ás 00:00 horas ao 29 de maio ás 23:59 horas
2024552	20 anos co cinema galego. Industria, cultura, identidade	31	1,07	30 €	25	Auditorio Municipal Ilduara de Celanova	24 a 28 de xuño	Do 9 de maio ás 00:00 horas ao 10 de xuño ás 23:59 horas
2024553	Iniciación á lingua de signos española, á comunidade e cultura xorda	45	1,5	30 €	20	Sala Emilia Pardo Bazán. Edificio Facultades	15 a 24 de xullo	Do 9 de maio ás 00:00 horas ao 1 de xullo ás 23:59 horas
2024554	Visibilización da importancia da saúde mental na mocidade	30	1	10 €	20	Centro Cultural Marcos Valcárcel	17 a 27 de setembro	Do 9 de maio ás 00:00 horas ao 3 de setembro ás 23:59 horas

PREZOS DE MATRÍCULA:

- * O prezo que aparece no cadro é para o público en xeral.
- * Colectivos dos grupos A e B: redución do 35 % sobre o prezo da matrícula.
- * Colectivo do grupo C: redución do 20 % sobre o prezo da matrícula

Para consultar a qué colectivo pertence, a efectos de descontos en actividades de extensión universitaria prema no seguinte enlace: [Colectivos Universidade de Vigo](https://portafirmas.redsara.es/pf/valida)

Ao remate do curso entregarase un diploma acreditativo (asistencia obrigatoria ao 85% das horas).

